

A moderación nas defensas telemáticas de teses en Microsoft TEAMS

A EDIUS, antes do día da defensa:

- a. Creará a sala virtual da defensa coas dúas sesións necesarias: a pública, e a reservada aos membros do tribunal para que leven a cabo a deliberación. Na sesión pública incluírase: ao doutorando/a, aos membros do tribunal, aos directores/as e moderador/a técnico; na sesión privada: incluírase aos membros do tribunal e ao moderador/a técnico.
- b. Publicará a ligazón á sala pública na súa páxina Web para que se conecten os posibles asistentes.
- c. Enviará ao secretario/a do tribunal o documento coa acta electrónica
- d. Colgará na sesión de deliberación a ligazón ao formulario de voto secreto *Cum Laude*/Premio extraordinario para os membros do tribunal

O MODERADOR/A TÉCNICO, o día da defensa:


- a. Conectarase 15 min antes ao inicio programado á sesión pública da defensa para dar a benvida aos membros do tribunal, directores/as da tese e doutorando/a
- b. Gravará a sesión pública de defensa da tese
- c. Iniciará a vídeo chamada na sesión de deliberación mentres o doutorando/a expón a tese, acompañando aos membros do tribunal á devandita sesión cando remate finalizada a quenda de preguntas.

Guía para o desenvolvemento das tarefas asociadas ao rol de moderador/a técnico

1. Como conectarse á sala virtual de Microsoft TEAMS
2. Como gravar a defensa da tese
3. Como lanzar a sesión de deliberación e volver á de defensa
4. Instrucións para os membros do tribunal na sesión de deliberación

1. Como conectarse á sala virtual de defensa en Microsoft TEAMS

A EDIUS creará unha sala virtual para cada defensa, que se visualizarán dende a pestana de “Equipos” de Microsoft TEAMS e se identificará co nome do doutorando/a [Defensa tese *nome do doutorando/a*]




Cada sala virtual conta con dúas sesións:

- **Sesión pública ou “General”:** de acceso público a través dunha ligazón publicada na [páxina web da EDIUS](#), na que se levará a cabo a defensa e exame do tribunal, así como a comunicación da cualificación.
- **Sesión de deliberación:** de acceso restrinxido aos membros do tribunal. Nesta sesión a EDIUS colgará a ligazón ao formulario de voto secreto *Cum Laude*/Premio extraordinario que debe emitir cada un dos membros do tribunal


Para conectarse á vídeo chamada da sesión,

Unha vez aberto TEAMS:

- Unha vez aberto TEAMS, no seu taboleiro de anuncios, buscar a publicación coa mensaxe programada




- No despregable do propio anuncio (tres puntos) premer en “Ver detalles da reunión”
- Na seguinte pantalla, seleccionar “Unirse”



2. Como gravar a defensa da tese

Unha vez conectados/as á vídeo chamada, o moderador/a dispón dunha serie de opcións de administración na parte superior:



Cando o presidente/a do tribunal vaia a dar comezo ao acto de defensa, o moderador/a debe iniciar a gravación, seleccionando a opción correspondente de entre as dispoñibles no menú do comando 3.

3. Como lanzar a sesión de deliberación e volver á sesión de defensa

3.1 Lanzar a vídeo chamada de deliberación

Unha vez que o doutorando/a comece a exposición, debemos lanzar a vídeo chamada para que os membros do tribunal se conecten posteriormente á sesión de deliberación. Para iso:


- a) Volvemos á pantalla de administración da sesión pública
- b) Seleccionamos a sesión de deliberación e entramos na súa pantalla de administración




- c) Na parte superior, aparece a icona da cámara de vídeo coa lenda “Unirse”, que debemos premer, e seleccionar a continuación “Reunirse agora”

Atención, unha vez activada a vídeo chamada da sesión de deliberación, é importante copiar no portapapeis a súa ligazón de acceso para enviarlles un correo electrónico aos membros do tribunal (ver apartado 4):

- a) Seleccionar de entre as opcións de administración “Ver participantes”




- b) Na parte dereita, enriba da lista de participantes, aparece a opción de “Copiar no portapapeis”




3.2 Volver á sesión de defensa

TEAMS permite navegar entre vídeo chamadas paralelas, deixando ao usuario en suspenso nunha delas mentres se atopa activo na outra. Para moverse de unha á outra, e volver á sesión de defensa dende a de deliberación, só temos que premer a icona flotante de “Play” que aparece na parte superior da pantalla:



Atención: a nova actualización de TEAMS para Windows 10 deshabilitou esta icona flotante de *play*, substituíndoa polo comando “Reanudar” situado na parte superior como se pode ver na imaxe:



4. Instrucións para os membros do tribunal na sesión de deliberación

4.1. A acta electrónica

A EDIUS enviará a acta única do acto de defensa ao secretario/a con anterioridade ao acto de defensa.

A acta debe ser consensuada por todos os membros do tribunal e enviada, asinada electronicamente, polo secretario/a do tribunal ao enderezo **doutoramento@usc.es**

No caso de non dispoñer de sinatura electrónica, pode enviarse por correo postal con sinatura manuscrita ao Servizo de Xestión Académica, Pavillón Estudantil – Campus Vida 15782 – Santiago de Compostela (A Coruña).

Pero será igualmente preciso o envío por correo electrónico dunha copia escaneada da acta notificando a incidencia ao enderezo **doutoramento@usc.es**

4.2. Como cubrir o formulario de voto secreto

Na sesión de deliberación está colgada a ligazón ao formulario de votación particular e secreta respecto á mención de Cum Laude/Premio extraordinario (só para teses que acaden a cualificación de sobresaliente).

The screenshot shows a Teams channel interface. On the left, a sidebar contains navigation icons for 'Actividad', 'Chat', 'Equipos', 'Tareas', 'Calendario', 'Llamadas', and 'Archivos'. The main area displays a message from 'Defensa Tesis María' in the 'Deliberación' channel. The message text is in Spanish and English, providing instructions for a secret ballot form for a 'Premio Extraordinario de Doctorado'. A red rectangular box highlights a URL in the message: https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4E1w5c3RHeyp-Z0GMS0B6k4P_FP8vG61UNzVBTZKTVMNVc2TUJVNzRRQ1FZS0M0Qy4u. A green callout box with a pointer to the link contains the text: 'No taboleiro da canle de deliberación, publícase a ligazón ao formulario'.

Para garantir a confidencialidade do voto particular de cada un dos membros do tribunal, o formulario require, para poder completalo, que cada un dos membros do tribunal xenere o seu propio **código único de verificación alfanumérico** que vincule o formulario coa tese correspondente, coa seguinte forma (sen espazos):

Nome e Primeiro apelido (do doutorando) e 2 díxitos_2 letras_1 símbolo_2 díxitos_2 letras_1 símbolo

Exemplo: [JoseGarcia39dx%98ss&](#)

Esta ligazón, xunto coa ligazón á sesión de deliberación copiada no portapapeis, deberemos envarllla aos membros do tribunal por correo electrónico durante a exposición da defensa do doutorando.

O documento coa información da defensa (datos do doutorando/a e direccións de correo electrónico dos membros do tribunal) necesario para enviar este correo electrónico será proporcionado ao moderador/a pola EDIUS antes do día da defensa.